

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE ABRIL DE 2013.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día once de abril do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz (que abandona a sesión cando se indica)

**Non asiste a concelleira Sra. Vicente Baz.**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-**

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 12 e 25 de marzo de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

### **PUNTO 2.- ACORDOS**

Vista a Resolución do 7 de marzo de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 de aforro e eficiencia enerxética para proxectos de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes nos concellos de Galicia, no marco do convenio suscrito entre a IDEA e o INEGA o día 3 de xullo de 2008 e con financiamento en parte procedente de fondos comunitarios derivados do programa

operativo Feder-Galicia 2007-2013, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente para elo, ACORDA:

Solicitar unha subvención ao abeiro desta resolución asumindo o compromiso, no caso de obtela, de realizar a actividade denominada "Proxecto para reforma iluminación pública exterior no concello da Guarda".

Visto o recurso de reposición entablado pola AA.VV Manuel Alvarez mediante escrito de data 27 de marzo de 2013 (R.E. nº 1.623) impugnando o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada o 19/02/2013 concedendo nova licenza de obras e convalidando a anulada no seu día polos tribunais para acondicionamento de local para a discoteca Enjoy, e visto o informe do Asesor Xurídico do concello que se transcribe a continuación:

*"Visto el recurso de reposición de referencia solicitado informe de este Letrado se emite el mismo en base a las siguientes consideraciones:*

**1º.-)** *Se da a entender por la Asociación recurrente que el procedimiento ordinario nº 118/2012 se refiere a la impugnación de la licencia de actividad para discoteca, sin embargo, nada más lejos de la realidad, el recurso de referencia fue entablado **contra acuerdo** adoptado en sesión de fecha 22 de Febrero de 2010 por la Junta de Gobierno Local por el que se concedió licencia de obras mayores a la Entidad Mercantil Discoteca Enjoy A Guarda, S.L. para acondicionamiento de local para actividad de discoteca. Además, la Entidad recurrene es conocedora de todos estos hechos, por cuanto, del expediente administrativo resulta que el 16 de Junio de 2011, le fue notificada al Sr. D. Bernardo Baz Rodríguez (en calidad de presidente da Asociación de Veciños Manuel Alvarez) la licencia de actividad concedida para discoteca mediante Decreto 339/2011 del 15 de Junio, dictado por la Alcaldía, el cual dejó firme y consentido. Anteriormente, había solicitado mediante escrito de fecha 13 de Junio de 2011 (redactado por el Sr. Abeleira) acceso al expediente de licencia de actividad, siendo autorizado y tuvo lugar el día 21 de julio de 2011, resultando que ese mesmo día el Sr. Baz presenta instancia en el Ayuntamiento solicitando copias de determinados documentos. Finalmente, le fue entregada la documentación solicitada o Sr. Baz el día 29 de Junio de 2011. Por lo tanto, todo el desconocimiento acerca de la licencia de actividad y de su expediente y las alegaciones de que anulada la misma carecen de fundamento. Si la recurrente no tiene conocimiento de los informes que sirvieron de base a la concesión de la nueva licencia y la convalidación de la misma, es por motivo imputable a ella, dado que no solicitó acceso a los mismos ni copia de los mismos, tal como había hecho anteriormente.*

**2º.-)** *También conviene destacar que el Decreto 339/2011 del 15 de Junio, dictado por la Alcaldía concediendo licencia de actividad molesta para discoteca y sala de fiestas a la misma Entidad Mercantil en la misma ubicación, fue notificado al recurrente judicial, Sr. D. José Alberto González Vicente, el 16 de Junio de 2011, resultando que dicho acto administrativo de licencia de actividad no fue objeto de impugnación ni en vía judicial o administrativa por su parte ni por otra persona, quedando firme y consentido.*

**3º.-)** *En aquel recurso contencioso seguido contra la licencia de obras, finalmente recayó sentencia dictada el 26 de Enero de 2012 por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el recurso de apelación nº 4474/2011, por la que se decidió anular la licencia de obras en*

cuestión en base a que el uso urbanístico de discoteca no estaba permitido en la Ordenanza municipal de aplicación. Dicha sentencia es clara al respecto en tanto que anula solo la licencia de obras pero no la declara nula de pleno derecho, como dice el recurrente, motivo por el que debe rechazarse todo razonamiento en ese sentido.

4º.-) Dicha sentencia fue remitida al Ayuntamiento de A Guarda por el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra mediante oficio del 14 de Febrero de 2012 a fin de que lo acordado se llevase a puro y debido efecto, adoptándose las resoluciones procedentes para su cumplimiento, solicitando acuse de recibo. En cumplimiento a lo ordenado por el Juzgado, se acusó recibo por medio de oficio de la Alcaldía del 20 de Febrero de 2012. Para acto seguido los servicios jurídicos del Ayuntamiento de A Guarda emitir informe del 22 de Febrero de 2012 por el que se daba cuenta de la sentencia a la Junta de Gobierno proponiendo la forma de actuar a raíz de tal sentencia, consistiendo en que, dado que la sentencia solo había anulado la licencia de obras y que la licencia de actividad estaba plenamente vigente, y que el vicio determinante de la anulación ya no concurría, puesto que el uso recreativo ya se permitía por la ordenanza de aplicación, recientemente modificada, lo correcto era informar nuevamente la licencia de obras desde el punto de vista técnico y jurídico con arreglo a la nueva normativa y si estos informes eran favorables se procediese a su nueva concesión, convalidando la anterior licencia anulada. En cumplimiento de dicho informe la Junta de Gobierno Local en sesión celebrada el día 28 de Febrero de 2012 acordó darse por enterada de la sentencia y que se informase la licencia de obras nuevamente de acuerdo con la normativa vigente. En consecuencia, ni hay nulidad radical de la licencia de obras ni mucho menos de la licencia de actividad, ni se ha permitido una actividad clandestinamente durante 14 meses, como se dice en el recurso.

5º.-) Con fecha 28 de Febrero de 2012, D. José Alberto González Vicente, presenta escrito en el Ayuntamiento de A Guarda en el que, en base a aquella sentencia, a la que le atribuye erróneamente el haber anulado la licencia de actividad, interesa que se proceda al cese inmediato de la actividad, a lo que respondió la Alcaldía de A Guarda mediante resolución del 29 de Febrero de 2012 rechazando tal petición en base a que lo que anuló la sentencia fue la licencia de obras y no la de actividad, concedida por decreto del 15 de Junio de 2011, debiendo indicar que tal resolución no fue recurrida por el Sr. González Vicente.

6º.-) Finalmente, tras la emisión de los informes técnicos y jurídicos pertinentes de fechas 28 de septiembre y 21 de Noviembre de 2012, la Junta de Gobierno Local de A Guarda en sesión celebrada el 19 de Febrero de 2013 **concede nueva licencia de obras para acondicionamiento del local para actividad de Discoteca**, convalidando la anterior licencia de obras anulada por los tribunales, acuerdo que fue notificado a los distintos interesados en el expediente, entre ellos, el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.

7º.-) Teniendo en consideración lo expuesto, no se ajusta a la realidad lo afirmado en el escrito de recurso de reposición formulado por el Sr. Baz en representación de la mentada sociedad, siendo falsas todas las afirmaciones relacionadas con que el Juzgado anuló la **licencia de actividad** y que desde entonces la discoteca vino funcionando sin dicha licencia, pues insisto que lo que se **anuló** (pero no declarado nulo de pleno derecho) fue el acto administrativo de **concesión de licencia de obra**, lo cual en ningún caso puede determinar el cese de la actividad, la cual siempre estuvo plenamente amparada en la legalidad vigente.

Finalmente, prueba de que este Ayuntamiento ha respetado la legalidad en todo momento derivada del cumplimiento de la sentencia en cuestión, lo constituye el hecho de que a día de hoy el Sr. D. Alberto González Vicente no ha instado la ejecución forzosa de la sentencia

*dictada por aquel Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra, ni éste ha puesto objeción alguna a la actuación municipal, protestando e impugnando solamente la Asociación recurrente y el Sr. Abeleira sobre cuya actuación huelga decir nada, por ser de sobra conocida su forma de actuar.*

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Rechazar o recurso de reposición formulado pola Asociación de Veciños Manuel Alvarez mediante escrito de data 27 de marzo de 2013, rechazando tamén todas as demais pretensións contidas en dito escrito en base os razoamentos expostos neste informe e porque non existe a infracción urbanística que denuncia.

Visto o recurso de reposición entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 20 de marzo de 2013 (R.E. nº 1.478) impugnando o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada o 19/02/2013 concedendo nova licencia de obras e convalidando a anulada no seu día polos tribunais para acondicionamento de local para a discoteca Enjoy, e visto o informe do Asesor Xurídico do concello que se transcribe a continuación:

*“A vista dos devandito escrito, e tendo en conta que mediante resolucións da Alcaldía de datas 2 de Abril e 6 de Xullo de 2.009, e acordos da Xunta de Goberno de datas 29 de Xullo de 2.010 e 10 de Novembro de 2.011 polos que se decide archivar varias denuncias urbanísticas presentadas por D. Eulogio P. Abeleira contra este Concello, en base a que, tramitado o oportuno expediente, declarouse que o denunciante non ten lexitimación activa para o exercicio da acción pública urbanística, dado que no expediente tramitado respecto as resolucións da alcaldía, quedou acreditado que o denunciante fai un uso abusivo da mesma, tal como despréndese das resolucións citadas, as cales na actualidade son firmes por non ser recorridas en tempo e forma ante a xurisdicción contencioso-administrativa, resultando que tal circunstancia non resulta afectada pola sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra dictada o 13 de Febreiro de 2012 no procedemento ordinario nº 364/2010, dado que a mesma foi recorrida en apelación e aínda que foi confirmada dita sentenza pola sentenza dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 24 de Xaneiro de 2013, a cal, como queira que non resolveu o tema da falta de lexitimación do Sr. Abeleira na forma plantexada pola repersentación procesal de A Guarda, foi obxeto do pertinente escrito de aclaración e subsanación o cal non foi resolto a día de hoxe, engadindo ademáis que na sentenza de primeira instancia, os actos citados anteriormente non foron impugnados nin analizados, a pesar de alegarse na contestación á demanda dese pleito, polo cal entendo que debe ser rexeitada a denuncia en base a elo, así como porque a única licencia que foi anulada polos Tribunais foi a licencia de obras de data 22 de Febreiro de 2010, pero non a licencia de actividade concedida mediante resolución da Alcaldía de 15 de Xuño de 2011 (dado que a mesma nunca foi recorrida), co cal a actividade podía funcionar perfectamente ó estar amparada en licencia de apertura. A maior abundamento recentemente (acordo de 19 de Febreiro de 2013) foi concedida nova licencia de obras convalidando a anulada. E de destacar ademáis que o Sr. Abeleira e coñecedor de todos estes feitos, por canto, do expediente administrativo resulta que o 16 de Xuño de 2011, foille notificada o Sr. D. Bernardo Baz Rodríguez (en calidade de presidente da Asociación de Veciños Manuel Alvarez) a licencia de actividade concedida para a discoteca mediante Decreto da Alcaldía antes citado. Anteriormente tiña solicitado mediante escrito de data 13 de Xuño de 2011 (redactado polo Sr. Abeleira) acceso ó expediente de licencia de actividade, o cal foi autorizado e tivo lugar o día 21 de Xuño de 2011, resultando que ese mesmo día o Sr. Baz presenta instancia no Concello solicitando copias de determinados*

documentos, sendo de destacar que ese escrito é de puño e letra do Sr. Abeleira. Finalmente, foille entregada a documentación solicitada o Sr. Baz o día 29 de Xuño de 2011, o cal finalmente presenta novo escrito de data 19 de Agosto de 2011 co formato dos escritos que redacta o Sr. Abeleira, solicitando certificación do horario da discoteca en cuestión.

A vista do exposto, e que consta acreditado no Concello de A Guarda o exercicio abusivo da acción pública polo Sr. Abeleira (dado que non impugnou os actos administrativos nos que quedou demostrado o mesmo, antes citados), e tendo en conta que neste suposto o que denunciou mediante escrito de 19 de xullo de 2012 (obras ilegais non amparadas en licencia por ser anulada polos Tribunais) estaba sendo obxecto de legalización (artigos 209.3 e 5 e 210.1 da Lei 9/2002, de 30 de Decembro), tal como acordou a Xunta de Goberno municipal o 28 de febreiro de 2012 (cando deuse por primeira vez por enterada da sentenza dictada o 26 de Xaneiro de 2012 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4474/2011), finalmente legalizado o 19 de Febreiro de 2013, e que parte do que interesaba (peche da discoteca) era inviable por contar o local con licencia de actividade, faría entrar en xogo ademáis a xurisprudencia citada na devandita sentenza do Xulgado nº 3, no sentido de que a falta de lexitimación por exercicio abusivo hai que conecta-la coa inexistencia da infracción urbanística que se persigue. En consecuencia, a falta de lexitimación do Sr. Abeleira neste suposto é clara, motivando que a Xunta de Goberno Local mediante acordo de data 25 de Marzo de 2013, rexeitou a denuncia do Sr. Abeleira formulada mediante escrito de 19 de Xullo de 2012, rexeitando tamén a suspensión dos prazos de recurso contra a licencia de obras solicitada mediante escrito do 4 de Marzo de 2013 e todo o que pide no mesmo. Tal acordo non impediu que con data 20 de Marzo de 2013 tivera entrada o recurso de reposición analizado neste informe o cal foi presentado en forma, pero o cal debe correr a mesma sorte que a denuncia dado que o Sr. Abeleira adolece de lexitimación por exercicio abusivo da acción pública."

#### A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Rexeitar o recurso de reposición formulado polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escrito de data 18 de Marzo de 2013 polo que impugna o acordo da Xunta de Goberno de data 19-2-2013 concedendo nova licencia e convalidando a anulada para adecentamento de local para a discoteca Enjoy por falta de lexitimación activa por exercicio abusivo da acción pública, en base ós razonamentos que se deixan expostos e porque non existe a infracción urbanística que denuncia.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de marzo de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 848,37 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MARZO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito R.E. nº 1.788 de data 5 de abril de 2013 presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>.N.F.R., con enderezo na rúa Concepción Arenal, nº 26-2º da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Concepción Arenal, nº 26-2º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 1.812 de data 8 de abril de 2013 presentado por D<sup>a</sup>. M.M.P., con enderezo na rúa de Oliva, nº 21 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Oliva, nº 21.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Lese o escrito R.E. nº 1.844 de data 9 de abril de 2013 presentado por D<sup>a</sup>. M. M. A.C., con enderezo na rúa de 1ª Transv. Netos, nº 23 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de, auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 1ª Transv. Netos, nº 23.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 1.871 de data 10 de abril de 2013, presentado por D. ANDRELINO ALONSO SANTOS, con enderezo na rúa da Guía, nº 1-2ª da Guarda, solicitando autorización para a transmisión da licenza municipal de autotaxi nº 8 ó seu chófer asalariado D. Miguel A. González González.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó departamento económico para que comuniquen ó solicitante a cuota fiscal a abonar para facer a transmisión.

Lese o escrito RE 1.457 de data 20 de marzo de 2013, presentado por D. JOSÉ MANUEL RENDA ALVAREZ, con enderezo na rúa 3ª Transv. A Cruz, nº 24 da

Guarda, solicitando que se retire unha manguera de abastecemento de auga que está instalada na súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que este asunto non é de competencia municipal, e que deberá vostede solicitarlle ao propietario da manguera que discurre pola súa propiedade a súa retirada.

Lese o escrito RE 1.629 de data 27 de marzo de 2013, presentado por DNA. CARMEN VICENTE RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, nº 12 da Guarda, solicitando que se leve a cabo a reparación da Transv. Donantes de Sangue para que deixen de producirse filtracións na vivenda da interesada.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ao técnico municipal para que xire visita e emita un informe sobre a situación descrita.

Lese o escrito RE 1.734 de data 3 de abril de 2013, presentado por M<sup>a</sup> del Carmen Barros Videira, actuando en representación de SOCIEDADE CULTURAL DAS FESTAS DE SAN ROQUE, con enderezo na rúa 1<sup>a</sup> Transv. Longra, nº 7 da Guarda, solicitando autorización para o uso do Campo de Fútbol Municipal da Sangriña o día 24 de agosto con motivo do 4<sup>o</sup> Torneo Festas de San Roque.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar o uso do campo salvo que nese día houbera algunha competición oficial que necesitara dispor do estadio.

Lese o escrito RE 1.756 de data 4 de abril de 2013, presentado por CLUB BALONMANO ATLETICO GUARDES, con enderezo a efectos de notificación no Apartado de Correos, nº 1 da Guarda, no cal solicitan un maior apoio por parte do Concello que se concretaría nun aumento da subvención e na subsanación de deficiencias no pavillón municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, tal e como se manifestou na reunión mantida, se procederá a estudar detidamente ás súas peticións, na liña do tratado na mesma.

Lese o escrito RE 1.800 de data 5 de abril de 2013, presentado por DNA. CARMEN M<sup>a</sup> ALONSO PEREZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 56 de A Guarda, solicitando que se leven a cabo as xestións necesarias para reducir o número de gatos salvaxes que deambulan polo paseo marítimo e molestan aos veciños.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se dará traslado desta solicitude ao servizo provincial de recollida.

Dase conta do escrito RE 1.639 de data 27 de marzo de 2013, presentado por CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR – XEFATURA TERRITORIAL, informando sobre a lexislación que regula a matanza tradicional do porco.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 1.645 de data 30 de marzo de 2013, presentado por DNA. REGINA PEREZ IGLESIAS, con enderezo na rúa Toxeira, nº 26 – Casás de San Andrés de Comesaña en Vigo (CP 36213), solicitando a ampliación do posto nº 61 do mercadillo dos sábados en 4 metros.

A Xunta de Goberno Local acorda denegar a súa solicitude ata que de produza unha nova redistribución dos postos.

Lese o escrito RE 1.549 de data 25 de marzo de 2013, presentado por D. FLORENCIO RODRÍGUEZ CARREÑO, con enderezo na rúa Irmáns Noia Xil, nº 54 da Guarda, solicitando que se instalen badéns na baixada á praia de Fedorento e que se pinte un paso de péons de acceso á mesma. Asimesmo, solicita a reparación da tapa de rede de sumidoiros ubicada diante da súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se instalarán en breve os badéns e que respecto da tapa de rede de sumidoiros, se procederá a súa reparación.

*Neste momento abandona a sesión o Sr. Lomba Baz.*

### **PUNTO 3.- OBRAS MENORES**

---

#### **Asiste o funcionario do Concello D. Jose M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez**

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

**A D<sup>a</sup>. MARÍA ELISA SALCIDOS GONZÁLEZ, R.E. Nº. 1.110 DE DATA 4 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL**

**Nº. 50-3º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR E REPOR PLACAS DO FALSO TEITO EN MAL ESTADO E REPARAR ALUMEADO DO LOCAL SITO NA RÚA DE TOMIÑO Nº. 5-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. ANA ÁLVAREZ PRIEGO, R.E. Nº. 1.452 DE DATA 20 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JULIÁN LÓPEZ Nº. 11-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA PECHE DE PARCELA CONTRA LINDEIRO NUNHA LONXITUDE DE 67,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS., REALIZADO EN PEDRA DE PERPIAÑO ATA UNHA ALTURA DE 0,90 MTS. ÓPACO E O RESTO DIÁFANO CON BALAUSTRE SITO NO LUGAR DE OS CASAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "ROSENTES" (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**

**A COLEXIO P.P. SOMASCOS, R.E. Nº. 7.134 DE DATA 25 DE NOVEMBRO DE 2011, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PACÍFICO RODRÍGUEZ Nº. 1 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA CAPELA DO COLEXIO P.P. SOMASCOS NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR AS CHAPAS DE FIBROCEMENTO POR PANEL TIPO SANDWICH SOBRE BASE EXISTENTE CON ACABADO SUPERIOR EFECTO TELLA DO PAIS VERMELLA, SITA NA RÚA DE PACÍFICO RODRÍGUEZ Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA DE EQUIPAMENTOS DO P.X.O.U.).**

**A D. BLAS GÓMEZ VIZOSO, R.E. Nº. 1.536 DE DATA 25 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 150 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DAS (PARCELAS Nº. 220-221 DO POLÍGONO Nº. 37) CONTRA LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 60,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS., REALIZADO COS POSTES METÁLICOS E REDE PLASTIFICADA, SITAS NO LUGAR DE "CANCELA" DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. MARGARITA LOMBA BAZ, R.E. Nº. 1.736 DE DATA 3 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 37-4º C DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR FENDAS E DESCONCHADOS NA FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE BAIONA Nº. 9 (BLOQUE 5 - "OS CASTAÑOS"), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 2 DO P.X.O.U.).**

**A Dª. SONIA LÓPEZ CARRERO, R.E. Nº. 1.755 DE DATA 4 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRV. OUTEIRO-CASCALLAR Nº. 5 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA DEMOLICIÓN DE PECHE FRONTAL**

EXISTENTE PARA POSTERIOR FORMACIÓN DE OUTRO RETRANQUEADO NA ALIÑACIÓN, E APERTURA DE OCO NO BAIXO DA VIVENDA PARA INSTALACIÓN DE PORTAL DE GARAXE, SITO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL DE OUTEIRO-CASCALLAR Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. VALENTINA CARRERO PÉREZ, R.E. Nº. 1.847 DE DATA 9 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 31 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REPARACIÓN DA TERRAZA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 31, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. MARÍA EMILIA GONZÁLEZ SABARIZ, R.E. Nº. 6.395 DE DATA 10 DE OUTUBRO DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE RAMÓN SOBRINO Nº. 4-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 95,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA E ENTRAMADOS DE MADEIRA EXISTENTES, PARA FORMACIÓN DUNHA NOVA CUBERTA REALIZADA CON VIGAS, CHAPAS DE URALITA E TELLA DO PAIS; ASI COMO REFORMA DAS VENTÁS EXISTENTES NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 1º TRV. COUTO Nº. 5, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 1.864 DE DATA 10 DE ABRIL DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRV. BRASIL Nº. 8-1º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 160,00 M<sup>2</sup>. CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA MIXTA COLOCADA SOBRE RASTRELES DE CEMENTO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE BRASIL Nº. 39, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL "TABOLADO-FUNCHIDOS" (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

#### **PUNTO 4.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE OBRAS**

---

Lese o escrito RE 1.476 de data 20 de marzo de 2013, presentado por DNA. CARMEN MARIA REBOLLAR VEGA, en representación de D. JESÚS REBOLLAR VEGA, con enderezo a efectos de notificación na rúa Couto, nº 29 de A Guarda, solicitando cambio de titularidade da licencia de obras para a construción de vivenda unifamiliar na rúa de 6ª Transv. Solanas (LIC 141/2010) que figuraba a

nome de D. Elías Rebollar Vega pasando a nome do comprador D. MANUEL FOUCE DÍAZ para o que adxunta poder de representación e cheques xustificativos do pago.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

## **PUNTO 5.- INSTANCIAS**

---

Lese o escrito RE 1.304 de data 13 de marzo de 2013, presentado por D<sup>a</sup>. MARY BAZ PACHECO, con enderezo na rúa Rosal, nº 62 da Guarda, xuntando os novos oficios de dirección de obra e coordinación do arquitecto técnico e arquitectos relativos á vivenda en construción sita na rúa 6<sup>a</sup> Transv. Solanas (LIC. 141/2010).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

## **PUNTO 6.- OBRAS MAIORES**

---

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1<sup>a</sup> OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licenza, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licenza de 1<sup>a</sup> ocupación non permitirá a conexión ós servizos de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servizos a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licenza de 1<sup>a</sup> ocupación.

2.- O titular da presente licenza de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licenza, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licenza caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.

- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licenza.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licenza de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

**A D. ELISO ENRIQUE BERRIDY ALONSO, R.E. Nº. 6.976 DE DATA 2 DE NOVIEMBRE DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 22 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA "ACONDICIONAMENTO DE LOCAL E ACTIVIDADES DE DISEÑO E IMPRESIÓN DIXITAL, COMERCIO DE TELAS E AXENCIA DE SEGUROS", SITO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 18-BAIXO (LOCAL 2), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".**

**A D. ALEJANDRO LOMBA SOUTO, R.E. Nº. 7.551 DE DATA 30 DE NOVIEMBRE DE 2012, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 12 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE CEÑA VELLA, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).**

## **PUNTO 8.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA**

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. M<sup>a</sup>. ISABEL ALONSO ALONSO (RE 1.197 de 07.03.2013), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epig. 651.2) sito na rúa de Joaquín Alonso, nº 5-baixo que antes figuraba a nome de D<sup>a</sup>. MARTINA FLORES PEREZ.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. M<sup>a</sup> ISABEL ALONSO ALONSO cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D<sup>a</sup>. MARTINA FLORES PEREZ para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epig. 651.2) sito na rúa de Joaquín Alonso, nº 5-baixo de A Guarda.

## **PUNTO 9.- LICENCIA DE APERTURA**

---

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. PEDRO LUIS ADROVER DE LA FUENTE (RE 1.551 de 25/03/2013) para a apertura dun local dedicado ás actividades de SERVICIOS FOTOGRAFICOS (Epíg. 973.1), ALUGUER DE BENS DE CONSUMO (Epíg. 856.1) e COMERCIO MENOR APARATOS DE USO DOMÉSTICO (Epíg. 653.2) situado na rúa Tomiño, nº 5-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. PEDRO LUIS ADROVER DE LA FUENTE

- o licencia municipal nº 8/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de SERVICIOS FOTOGRAFICOS (Epíg. 973.1) situado na rúa Tomiño, nº 5-baixo da Guarda.
- o licencia municipal nº 9/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de ALUGUER DE BENS DE CONSUMO (Epíg. 856.1) situado na rúa Tomiño, nº 5-baixo da Guarda.
- o licencia municipal nº 10/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE APARATOS DE USO DOMÉSTICO (Epíg. 653.2) situado na rúa Tomiño, nº 5-baixo da Guarda.

*Sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*